

AER PREGUNTA NO PLENO POLA REIVINDICACIÓN DA ANPA DE CEDEIRA SOBRE O DESDOBRAMENTO DE 6º



AER vén de preguntar ao goberno local polas xestións que este fixo para apoiar a reivindicación da ANPA do colexio público de Cedeira para que se desdobre un en demasía saturado curso de 6º de primaria. Os pais e nais do colexio de Cedeira levan dende comezo de curso mobilizándose para que doten ao centro dun mestre adicional para poder desdobrar o 6º curso de primaria, grupo este de alumnos e alumnas que xa levaba 3 anos desdoblado. Contra o criterio mesmo do inspector, a Consellería de Educación de xeito unilateral decidiu que Cedeira non é merecedor dun ensino de calidade, polo que argumentando que os ratios dan e a lei se cumpre, non aceptan desdobrar este grupo, provocando que o curso se desenvolva nunha situación de masificación.

Para a Agrupación de Electores de Redondela esta situación non é máis que outro exemplo da **política retrógrada e radical do Partido Popular contra a educación das nosas fillas e fillos**, un atentado contra o futuro do noso país, atacando a calidade educativa en virtude de falacias argumentativas. Neste comezo de curso, ao longo de todo o país repítense casos de peches de escolas, de redución de mestras e mestras e de camiñar cara unha progresiva involución educativa. E o caso do CEIP de Cedeira súmase desgraciadamente a esta lamentable lista negra.

Se ben o goberno local respondeu que se reuniría co delegado de educación ao longo da presente semana, AER considera que debe ser contundente e plantarse mesmo fronte ao Conselleiro de Educación e “poñer os puntos sobre os is”. **Unha vez máis o goberno local está suxeito pola “obediencia ao partido”**, cuestión polo que AER esixe que o goberno de Javier Bas asuma neste tema unha defensa da veciñanza de Redondela e supere as siglas do Partido Popular. AER nesta loita estará do lado de quen defenda a calidade educativa para os cativos e cativas de Redondela.

Redondela, 1 de outubro de 2018